



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Elaboración de informes de expedientes sancionadores desde o traballo social

CONVOCATORIA: LOCAL, convocatoria

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/03/2026 - 09:00h ao 18/03/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Obxectivo xeneral

Capacitar a profesionais do Traballo Social para elaborar informes técnicos rigorosos e axustados ao procedemento sancionador, desde unha perspectiva profesional, ética e xurídica, contribuíndo a garantir os dereitos das persoas implicadas e a correcta toma de decisións administrativas.

Obxectivos específicos

1. Coñecer o marco normativo dos expedientes sancionadores no contexto administrativo.
2. Comprender o papel e os límites do Traballo Social dentro dos procedementos sancionadores.
3. Identificar as fases do expediente sancionador e os momentos clave para a intervención social.
4. Adquirir competencias para a redacción de informes técnicos e sociais vinculados a sancións.
5. Analizar casos prácticos e aplicar criterios éticos e legais na elaboración de informes.
6. Mellorar a capacidade argumentativa e documental do profesional de Traballo Social ante procedementos xurídicos-administrativos.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Módulo 1: O informe de avaliación en Traballo Social

Duración: 4 horas

Contidos:

- Función técnica, xurídica e profesional do informe social.
- Diferenza entre informes descritivos, diagnósticos e de avaliación.
- Finalidades: derivación, acceso a recursos, valoración de situacións de risco, seguimento, etc.
- Responsabilidade e confidencialidade.
- Módulo 2: Proceso de recollida e análise de información

Duración: 4 horas

Contidos:

- Fontes de información: entrevistas, observación, documentos, redes.
- Ferramentas de avaliación social: escalas, matrizes DAFO, etc.
- Identificación de necesidades, capacidades e factores de risco.

Actividade práctica: construción dun mapa social e análise de caso.

- Módulo 3: Estrutura e redacción do informe de avaliación

Duración: 4 horas

Contidos:

- Partes do informe técnico-social:

? Datos identificativos ? Motivo de intervención ? Metodoloxía utilizada ? Situación actual ? Valoración profesional ? Diagnóstico social ? Proposta ou recomendacións • Linguaxe técnica, claro e non estigmatizante. • Erros frecuentes e como evitalos. Exercicio práctico: redacción dun informe completo a partir dun caso simulado. • Módulo 4: Tipos de informes e a súa aplicación en diferentes ámbitos Duración: 4 horas Contidos: • Informes para acceso a recursos sociais (vivenda, axudas, dependencia). • Informes en contextos de protección de menores ou violencia de xénero. • Informes en procesos xudiciais, educativos ou penais. • Informes de seguimento e avaliación final. Actividade: análise comparativa de modelos de informes reais (anonimizados). • Módulo 5: Ética profesional, confidencialidade e protección de datos Duración: 4 horas Contidos: • Principios éticos do Traballo Social aplicados á redacción de informes. • Protección de datos persoais e consentimento informado. • Marco legal aplicable . Dinámica: análise de dilemas éticos na elaboración de informes.
CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios específicos da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA		
LOCALIDADE: TELEPRESENZA	INICIO / FIN: 20/10/2026 a 12/11/2026	
NUM. PRAZAS: 35	ESTADO: NORMAL	DATA EXAME: 12/11/2026 ás 18:30h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Sala telepresenza: Os días 20, 22, 27 e 29 de outubro de 16:30 a 19:00. Os días 03, 05, 10 e 12 de novembro de 16:30 a 19:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual Proba final en liña.		